

O Coto de Monteporreiro

Avelino Laxe Casal

Non é doado atopar unha vila cun río tan a man coas características piscícolas, ademais doutras, do noso Lérez. Damos fe de que no Lérez pódense pillar: salmóns, troitas, reos, zamborcas (sábalo, usuais simuladoras da picada do salmón, alteración de súpeto e desengano posterior), lampreas, meixóns -hai uns anos desaparecidos- e, por suposto escalos. Outra fauna que nos ten chamado a atención son as londras relativamente frecuentes.



© Moreno, Mandio Paz, Avelino Lage

Daquel tempo, nos anos 1965-85 entre os nosos 16 aos 36 anos máis ou menos, lembramos dende hoxe unha chea de episodios, emocións e, incluso, certas audacias; vémolos agora con nostalgia e tristura, xa que de moi pouco temos que gabarnos, moi pola contra, tan só de ter sido alumno avantaxado (moitos coma nós) de practicar unha pesca do salmón na que case todos os afeccionados que acudían ao couto de Monteporreiro foron excelentes mestres. Pesadelos sentimos hoxe de aquelas trasnadas xuvenís que nos mantiñan cegos a posibles males que afortunadamente non se teñen producido. Por outro banda nada que achacar a todos os que, ben seguro, herdaron, coma nós unha situación cómoda para unha administración que miraba para outro lado porque lle interesaba.

Coidamos que non é este o momento de explicar os porqués, se cadra interesaba a difusión das capturas no Lérez para atraer a xente como o Caudillo e algún outro. Ou non complicarse cunha gardería que así era máis barata, etc.

Reduciuse o Lérez salmoneiro a dous tramos: o tramo especial de Monteporreiro (de escasamente 800m.) e o tramo xeral, hoxe é o couto actual (de Monteporreiro á presa de Bora de uns 4Km. onde Rodabouxo, O Manco e Sadurnil son posturas clásicas). A favor de aquel Lérez pai de tanto e tan mal tratado, cómpre dicir que superou satisfactoriamente os graves ataques do furtivismo e da contaminación da Vila: a industrial e a outra, os vertidos.

Subliñamos que o salmón entra de febreiro a maio-xuño, a lamprea antes, algo tardía no Lérez, e o último o reo. Aclaremos isto porque normalmente o caudal do Lérez ata xuño-xullo mantense doadamente e os ditos desaugues perxudican menos a entrada das súas exquisiteces piscícolas que, en todo caso, tiñan un breve camiño de dificultades dado que, case sempre aproveitando as mareas vivas, pasaban dende a Puntada a escala salmoneira nun suspiro. ¿Que sería este río de ser ben tratado?, segue sendo a pregunta.

O MORENO

Polo miúdo achacábaselle ao noso río a falla de gardería. O finado Moreno, personaxe enormemente ligado ao río, oímoslle dicir, sendo



gardarríos, que o coto non precisa a ninguén, que xa o gardaba San Bieito, por algo lle chamaban "San Benito de LÉREZ". Nembargantes sempre defendeu que o erro na presa de Bora era o mal do Lérez. Estaba tan mal feita que era unha barreira insalvable que impedía a salmóns, lampreas e reos espallarse ao longo do río. Os peixes concentrados a pé de presa, eran pezas fáciles. A nós tamén nos parecía que encarreirando a forza das augas pola escala, orientábanse ás especies viaxeiras. A modificación non parecía custosa, seica se ten realizado, e nótase. Estamos vendo O Moreno dende as alturas berrando ¡ xa o dicía eu!. A administración non sabía entón e segue despistada (os bos resultados deste ano tamén son bos para o furtivismo). Temos noticias de redadas en xuño de ata oito peixes.

Manuel Sánchez Fernández "Moreno", e Sr. Xosé "O Soutelano" cada quen a súa maneira son emblemas do Lérez. Ámbolos dous finados xa. Que dicir deles?. Do Moreno ademais das mil e unha anécdotas da súa inconmensurable astucia, furtivo de cando en vez, garda nun tempo, gancheiro de Franco nas ocasións, persoa ren interesada, sempre disposto a revelar os secretos do coto, do entorno natural do río. O investigador naturalista Curt di: "sabe más del zorro que de la madre que lo parió" (Curt Martínez, J. : "Más allá de la corredoira". Gráficas Portela, Pontevedra. Tamén Blanco Tobio tense asesorado co Moreno (Blanco Tobio, M. "Pájaro de Otoño"). Sementaba de contado Manuel, un día cando Benito Fontán Rivas e máis eu, estabamos no couto, pescaban os demais, nos só pagabamos, apareceu o Moreno a última hora, ollou un peixe no Puntalón, cun aceno solicitou unha cana, en catro ou cinco tanteos engancho un salmón que logo partiu el mesmo na taberna de Malvar. Aquela lección, por suposto, desinteresada, foi o principio...



Ímonos quedar cun patrimonio que, coidamos, lle debemos a el. Deducimos das longas conversas do río, el herdara do seu pai, muiñeiro onde despois ía ser Tramo especial. Referímonos á toponimia do couto: Poza, Portalón, Dúas Augas, Canal, Pociña, Puntalón, Curva (postura do Soutelano), Pateira, Pedra do Risco, Casa das Augas (Embassadora de Augas ou Balneario que foi, seica, pechada por acudir ao río cando non abundaba o manancial), A Fonte, Cola do Cabalo, etc. Cada un destes nomes cunha referencia ao peixe no río, algúns a lugares de paso, outros son posturas transitorias segundo as mareas e o resto son as posturas fixas do río sen depender da marea senón do caudal e en consecuencia do descanso habitual que realiza o salmón antes dos intentos de superar dificultades: presas, escalas, cachóns, etc. Coma se dun ritual se tratase, os peixes ao chegar ao río instálanse nas posturas, sempre no mesmo sitio, só mudado polas cheas. Diso sabemos que as mañás dos ribeiregos son maiores porque coñecen as posturas con moita ou pouca auga. Tamén temos oído, non sabemos se do Sr. Xosé, que os salmóns ao entrar no Lérez, de súpeto ao pasar diante do convento, sométese á Regra e cada quen colócase no seu sitio. Nin que dicir ten que, se ao feito de

coñecer as posturas pola experiencia, lle engadimos a configuración do pesqueiro, localizar visualmente a presa, é doado comprender a nosa fama de acudir a procedementos e instrumentos ilegais. O roubo, co que lle chamabamos pirindolín ou roubador ou grampín; basicamente tratábase dun anzol triple ao que se lle engadía un chumbo, así tentábase ó peixe na postura ata prendelo por calquera parte menos pola boca, claro. Salvo excepcións "os do Lérez", tiñamos, de entrada, sona dubidosa.

SOUTELANO

Sr. Xosé, o Soutelano -Xosé Ogando Fernández-, foi unha persoa que decidiu pasar moito tempo da súa xubilación adicada á paixón pola pesca do salmón, nós, tivemos a sorte de gozar da súa amizade e infinitos coñecementos. Sr. Xosé foi esperto pescador, ademais do Lérez, do Tambre e dos tres coutos: Sinde, Couso e Ximonde do Ulla. Era un home educado e de respecto que, dende logo publicamente, xamais infrinxía o regulamento. Non nós esquecemos o día que diante dunha nutrida representación ordenoume lle dese gancho na Pateira a un precioso exemplar de máis de 10 kg, coma pouco, dous viaxes (2ª vez que volta a desovar). Era un Salmón "Rexio", "dos nosos", dicíanlle así os ribeiregos aos exemplares autóctonos do río, de aparencia moi diferente aos de repoboación, aos que chamabamos "de biberón". Aquel gancho a un Salmon Salar, "Rexio", foi un doutoramento que, a punto estivo de deixar á Vila sen aire. Por certo, coido lembrar que fora este o día no que o colega Enrique Castro Cabezas, Ricucho, envorcou nunhas silvas e marchando de cabeza á Pateira dende o carreiro que bordea o río. Non pasara nada, todo quedou nun baño sen querer nunha mañá de inverno. As londras e salmóns xa benedictinos apartaran as penas.

MAQUIEIRA

Suso -Xesús Maqueira-, sen dúbida estamos diante dun dos máis "universais" dos pescadores do Lérez. Rexe na actualidade un comercio de artigos de pesca ao que, sendo afeccionado ao mar ou ao río, coidamos difícil ignorar. Hai moitos anos, daquelas na rúa Real, o establecemento de Maqueira foi tertulia obrigada de pescadores. Suso sempre foi, seguira sendo, o técnico que arranxou carretes, canas, calquera instrumento de mergullamento. Damos fe de que para Maqueira hai poucos secretos no río e no mar. Vímoslle manexar a culleriña, o cebo e a mosca. Con todo é esperto Suso, ben coñecido como técnico e afeccionado nos ríos salmoneiros galegos. Maqueira forma parte do pequeno grupo de pescadores expertos en todo, tamén coa "Cola de Rata", onde sen dúbida brillaban, daquela encabezados por Xaime Feixoo, Ramiro, Louzao, Pardal etc. Neste senso forzosamente hai que salientar ao finado Feixoo.

XAIME FEIXOO

Quizais trátase da figura da pesca salmoneira con "cola" do Ulla que, nun ambiente materializado onde nos espantabamos dun estranxeiro que practicaba a pesca "sen morte", destacaba Xaime valorizando o aspecto deportivo da pluma, pescando só coa "Cola". No Ulla, na Praia en Sinde, na Croeira en Couso ou en Venezuela, ou en Ximonde fixo escola Xaime. Despois de velo



